

## **PROPOSTA DE CRITERIOS ORIENTATIVOS PARA A ELABORACIÓN DE HORARIOS DO CURSO 2021/2022 DAS TITULACIONES DE GRAO E MASTER EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DA ESEI**

Aprobado en Xunta de Centro o 26/02/2021

Na elaboración da proposta de horarios de clases do curso 2021/2022 que a Dirección do Centro elevará á Xunta de Centro deberanse ter en conta, na medida en que resulte posible, os seguintes criterios orientativos:

1. As materias do Programa Conxunto de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Administración e Dirección de Empresas deberán ter horarios que permitan a asistencia do alumnado de primeira matrícula ás clases de todas as materias.
2. Os horarios das clases das materias de 1º, 2º, 3º e 4º do Grao en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 8:30 ata as 14:30 horas (dividíndose en tres franxas horarias de 8:30 a 10:30, de 10:30 a 12:30 e de 12:30 a 14:30). En caso de ser necesario nalgunhas materias, poderanse fixar os horarios dalgún grupo dende as 16:00 ata as 21:00 horas.
3. Os grupos grandes de todas as materias de 1º, 2º, 3º e 4º do Grao rotaranse, na medida do posible, nos diferentes días da semana e nas franxas horarias con respecto aos anos anteriores.
4. Nos cursos de 1º, 2º e 3º de Grao en Enxeñaría Informática evítanse solapamentos dos horarios de aula grande de materias de cursos adxacentes. E con 4º de Grao na medida do posible.
5. En 4º de Grao evítase o solapamento de optativas que poida restrinxir a asistencia á docencia das mesmas por parte do alumnado.
6. Os horarios das clases das materias propias do Máster en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 16:00 ata as 21:00 horas.